



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Advo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Institución Benéfico Social Padre Rubinos*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 23 de marzo de 2018.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electrónicamente a presente dilixencia.





MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A INSTITUCIÓN BENÉFICO SOCIAL PADRE RUBINOS

O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, establece que o Conselleiro é a autoridade superior da Consellería e como tal ostenta a representación do departamento que preside.

Antecedentes

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, está a desenvolver diferentes programas e accións encamiñadas a lograr o efectivo achegamento da Administración aos cidadáns. Entre outras actuacións colabora para solucionar situacións sociais problemáticas, ben directamente ou cooperando con institucións dedicadas a proporcionar apoio e prestar determinados servizos aos cidadáns carentes de capacidade para facer fronte ás súas necesidades persoais.

A Institución Benéfico Social Padre Rubinos leva a cabo programas de actuación en orde a evitar a mendicidade, proporciona axuda ás persoas que están en situación de emerxencia social e conta con servizos de escola infantil, de terceira idade destinados aos colectivos que non teñen medios económicos.

Finalidade

Para os efectos sinalados tense previsto formalizar con esta institución o convenio arriba sinalado por un período de vixencia que abrangue desde a sinatura del ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2018.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Institución benéfico-social Padre Rubinos, para apoiar financeiramente á entidade na realización dos servizos asistenciais que veñen prestando.

É necesario destacar a labor realizada pola Institución Benéfico Social Padre Rubinos xa que leva a cabo programas de actuación dirixidos a evitar a mendicidade, proporciona axuda ás persoas que están en situación de emerxencia social e conta con servizos de escola infantil e de terceira idade destinados aos colectivos que non teñen medios económicos.





A Institución Benéfico Social Padre Rubinos desenvolve a súa labora na Coruña. Esta entidade presta servizo de aloxamento de transúntes, para evitar a mendicidade nas rúas. No caso do Complexo Xerontolóxico e da Escola Infantil, préstanse servizos de asistencia aos anciáns e aos nenos que acoden a esta institución por non poder acceder a outra entidade.

Para exercer as devanditas actuacións de prevención da mendicidade, residencia da terceira idade e escola infantil, Padre Rubinos ten que dispor dun cadro de persoal cualificado e cunha sensibilidade especial. Debido ás carencias de vocacións relixiosas, nos últimos anos a entidade tivo que proceder á contratación de profesionais que paliasen as baixas do persoal relixioso. Esta circunstancia, unida á necesidade de afrontar os gastos derivados da prestación de servizos asistenciais cada vez demandados por un maior número de persoas debido á situación de crise económica que se vive nestes momentos, xera unha descompensación entre os ingresos e gastos dos servizos. Para que Padre Rubinos poida paliar esta situación sen que se vexa minorado o volume de servizos que presta ten que recorrer a axudas de institucións públicas ou achegas privadas.

Padre Rubinos é unha institución que presta servizos de carácter asistencial aos colectivos que quedan sen cobertura dos servizos sociais das distintas Administracións Públicas.

A actividade de Padre Rubinos circunscríbese a:

A) ALBERGUE DE TRANSEÚNTES:

Componse dun conxunto de servizos especializados que teñen como finalidade atender de maneira integral as necesidades das persoas sen recursos o con escaseza destes e con outras problemáticas como a falta de apoio familiar e social, problemas de saúde mental ou adicións.

Estes servizos son:

1. Servizos residenciais:

- Atención continuada (6.751 servizos no ano 2017)
- Albergue (17.425 persoas pernoctaron no ano 2017)
- Grupo de inserción (26 usuarios no ano 2017)





Tratan de cubrir as necesidades básicas deste colectivo ao tempo que se realiza unha intervención continuada, coa finalidade de lograr a autonomía persoal como primeiro paso para a integración social.

2. Servizos socioeducativos e sanitarios:

- Centros de día (ás actividades organizadas asistiron 9.374 persoas no ano 2017)
- Atención social (no ano 2017 realizáronse 16.132 atencións, atendéndose a 87 familias)
- Enfermería (no ano 2017 realizáronse 25.661 atencións, realizándose 70 atencións diarias)
- Atención psicolóxica (no ano 2017 realizáronse 23 atencións e 69 servizos en total)
- Asesoramento xurídico (atendéronse ao longo do 2017 a 28 persoas).

Estes servizos teñen como finalidade o diagnóstico de necesidades, estudo de casos, deseño de itinerarios; ademais de ofrecer apoio psico social e sanitario.

3. Formación e emprego

- Recollida de roupa usada e taller téxtil formativo para a inclusión social.

Imparten formación en técnicas de deseño, patronaxe e ensamblaxe téxtil co fin de capacitar profesionalmente a este colectivo e favorecer a súa inserción socio laboral.

4. Servizos asistenciais:

- Comedor social (no ano 2017 prestáronse 125.484 servizos de comedor)
- Roupeiro e duchas (no ano 2017 prestáronse 14.058 servizos de roupeiro e duchas e 358 servizos de roupeiro familiar)
- Salón de peiteado (no ano 2017 prestáronse 374 servizos)

Satisfacen as necesidades básicas de alimentación, aseo e vestiario.

B) COMPLEXO XERONTOLÓXICO:

No ano 2017 complétase cunha ocupación total das súas 146 prazas, tanto as 106 de carácter privado, como as 40 concertadas coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. As solicitudes seguen aumentando as listas de espera de Residencia e Centro de Día. Este





complexo ten un compoñente marcadamente benéfico social, financiando a institución unha parte moi importante do custo das prestacións.

As actividades divídense en tres áreas diferenciadas:

- Área de residencia: Onde se atenden a 3 grupos de residentes:

- Grupo de residentes con maior dependencia
- Grupo de residentes con deterioro cognitivo e/ou funcional leve ou moderado
- Grupo de residentes independentes

- Área de atención continua: a 34 residentes con deterioro cognitivo e funcional grave e/ou outras patoloxías.

- Centro de día: para 40 usuarios con dependencia cognitiva e/ou funcional, de leve a grave.

C) ESCOLA INFANTIL:

Durante o curso 2017/18 a escola conta con 95 prazas ocupadas e con lista de espera nas distintas unidades que a compoñen:

- Dúas unidades de 0-1 anos cunha ocupación máxima de 8 nenos/as por aula
- Tres unidades de 1-2 anos cunha ocupación máxima de 13 nenos/as por aula
- Dúas unidades de 2-3 anos cunha ocupación máxima de 20 nenos/as por aula

Esta escola palia en certa medida a carencia de prazas de gardería para idade comprendida entre "0" e "3" anos, na zona na que está situada (Os Rosales - Labañou).

Entre os seus obxectivos está o de configurar un marco de relacións que faga posible que a escola sexa un lugar de encontro da comunidade educativa e de todos os sectores implicados no centro.

Ao igual que no Centro Xerontolóxico, conta a escola cun equipo de persoal de servizos, de persoal voluntario, de persoal docente e de persoal técnico de xardín de infancia, cunha gran formación e experiencia.





De acordo co establecido no artigo 26.2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cómpre salientar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública en atención ás peculiaridades da entidade, posto que a Institución Benéfico Social Padre Rubinos é o único complexo social que hai na cidade da Coruña na que se presten tódolos servizos que ofrece a Institución (Albergue de Transeúntes, Centro Xerontolóxico e Escola Infantil), Ademais, é o único que presta un servizo integral ao transeúnte, non existindo ningún outro albergue con estas características, é dicir, que oferte conxuntamente unha prestación asistencial a familias e persoas que o soliciten e que se atopen en situación ou risco de pobreza ou exclusión social, así como o financiamento das intervencións de carácter preventivo, asistencial, rehabilitador ou de integración para evitar a cronificación desta situación.

Para contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados no convenio de colaboración, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aboará á Institución a cantidade de QUINCE MIL EUROS (15.000€) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.1 (CP.: 2015/00089) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Polo exposto considérase conveniente a sinatura dun convenio de colaboración coa Institución Benéfico Social Padre Rubinos dirixido a evitar a mendicidade, proporcionar axuda ás persoas que están en situación de emerxencia social e conta con servizos de escola infantil e de terceira idade destinados aos colectivos que non teñen medios económicos.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2018

A secretaria xeral técnica

Beatriz Guiña Barja



